Viaxe á Hélade

Entre os días 26 de febreiro e 5 de marzo, un grupo de 10 alumnos de Humanidades de primeiro e segundo de bacharelato, acompañados pola profesora de linguas clásicas Margarita Gil, realizamos unha viaxe a Grecia, onde visitamos a súa capital, Atenas, Delfos e diversos emprazamentos da península do Peloponeso.

Grecia é un país situado ao leste do Mediterráneo, e as augas deste mar bañan unha grande parte das súas costas, así coma das súas abundantes illas. Está apenas a unhas catro horas en avión desde Madrid.

O 26 de febreiro collemos un avión no aeroporto da Coruña, de onde voamos ata o aeroporto Adolfo Suárez – Barallas. Alí fixemos unha escala dunhas dúas horas na que comezamos a coñecer aos demais compañeiros que nos acompañaban na nosa viaxe. Unha vez chegamos a Atenas, dirixímonos ao hotel Stanley, situado no centro da cidade, e tras acomodarnos nas nosas habitacións, demos un paseo polas súas rúas, de modo que vimos de pasada algúns lugares importantes, como a praza de Syntagma, a Acrópole desde o barrio de Plaka... Chegamos cansos ao hotel, mais iso non impediu que comezásemos a socializar con algunhas das novas persoas que coñecemos. Claramente, ao segundo día, xa eramos bos amigos.

Ao día seguinte, realizamos as visitas importantes en Atenas. Comezamos vendo, coa nosa guía Eleni, quen nos acompañaría en toda a viaxe, o estadio olímpico de 1896, construído para as primeiras olimpíadas modernas. Visitamos tamén a Acrópole de Atenas, onde se sitúan o famoso Partenón, xunto co templo de Atenea Niké ou Atenea Vitoriosa, o Erecteion, e o Odeón romano, situado nunha das ladeiras da acrópole. Tras visitar tamén o museo arqueolóxico da acrópole, subimos ao monte Likabitós, un dos montes de Atenas, desde o cal se pode ver absolutamente toda a cidade e incluso, no horizonte, o Pireo, principal porto da capital. Para rematar, antes de regresar ao hotel, demos un longo paseo con Margarita, de modo que percorremos unha grande parte da cidade a pé.

Tras esta intensa visita en Atenas, comezamos o noso recorrido polo Peloponeso. Na mañá do 28 de febreiro deixamos o hotel Stanley e dirixímonos ao célebre teatro de Epidauro, tras pasar sobre a canle de Corinto. Alí, en Epidauro, puidemos ver unha pequena representación de Bacantes levada a cabo por un dos grupos que nos acompañaba, que pertencía á compañía de teatro "Noite Bohemia". Logo, visitamos o

santuario de Asclepio, situado xunto ao teatro. Despois de comer, realizamos a visita en Micenas, lugar onde o famoso arqueólogo alemán Heinrich Schliemann atopara a máscara de ouro de Agamenón. Alí atópase a porta dos leóns, e tamén hai unha acrópole, entre outros restos arqueolóxicos. Logo, pasamos unhas horas en Nauplio, unha pequena vila situada na costa. Ese día fixemos noite en Tolos, nun hotel situado xusto en primeira liña de praia, razón pola que máis de un optou por pegarse un baño e probar as frías augas do Exeo.

O 1 de marzo, ao marchar de Tolos, fomos á cidade bizantina de Mystrás, onde puidemos ver unha grande cantidade de templos bizantinos e mesmo probar as delicias turcas que as monxas elaboran nos mosteiros alí situados. Tras isto, dirixímonos a Esparta, onde comemos, e logo atravesamos o monte Taixeto, desde o cal, segundo a tradición conta, os espartanos botaban os bebés malformados ao nacer, e chegamos a Kalamata, cidade situada ao sur do Peloponeso, onde fixemos noite.

Ao día seguinte achegámonos ao centro de Kalamata, e logo fomos o recinto arqueolóxico de Mesenia, onde puidemos ver o estadio, o pequeno teatro... Alí, no teatro, de novo algúns dos compoñentes da compañía "Noite Bohemia", representaron unha parte da obra Miles Gloriosus, do dramaturgo romano Plauto. Tras esta visita, xa de camiño a Olimpia, fixemos unha parada nunha pequena praia situada xunto á estrada, para poder tocar as augas do mar Xónico, e onde aproveitamos para sacar fotos. Logo chegamos a Olimpia, e alí fixemos noite.

Desde a cidade de Olimpia, desprazámonos ao recinto arqueolóxico e alí vimos os distintos templos, así coma o estadio olímpico, onde todos xuntos celebramos unha carreira ao puro estilo dos antergos atletas . Logo, entramos no museo arqueolóxico do recinto, que está xusto de lado deste, e alí puidemos ver a famosa estatua do Hermes co neno Dionisio, de Praxíteles. Unha vez deixamos Olimpia, fixemos unha longa viaxe por autoestrada ata Delfos, facendo unha parada en Naupáktos, tamén coñecida como Lepanto, onde loitara o famoso escritor español Cervantes. Durante este traxecto pasamos sobre a famosa ponte nova, de Harilaos Trikoupis, que cruza o golfo de Corinto.

Logo, chegamos a Delfos, desde onde viamos o extenso mar de oliveiras característico da zona e alí fixemos noite.

O último día antes de regresar a Atenas visitamos o famoso santuario de Apolo en Delfos, aínda que, debido a desprendementos na ladeira do monte, non puidemos subir máis alá do teatro, polo que o vimos, mais xa nos quedou sen ver nin visitar o Estadio que está algo máis arriba.

Logo visitamos o museo que se atopa xunto ao recinto arqueolóxico, onde se atopa a famosa estatua do Auriga de Delfos.

Máis adiante, tras abandonar o santuario, fixemos un grande recorrido por autoestrada, xa fóra do Peloponeso, ata Atenas, onde, ao chegar, volvemos aloxarnos no hotel Stanley e demos un paseo pola cidade. Sobre todo paramos no barrio de Plaka e na praza de Monastiraki, onde aproveitamos para facer as últimas compras e logo regresamos ao hotel, mentres os profesores foron cear co famoso helenista Pedro Olaya, a quen Margarita lle ten unha especial admiración :)

Xa no último día, soamente tivemos tempo para visitar o museo arqueolóxico nacional de Atenas, e despois, unha vez rematada a visita, regresamos ao hotel para recoller as nosas equipaxes e dirixímonos ao aeroporto, onde collemos un avión que nos trouxo de volta a Madrid, e tras outra escala de dúas horas, regresamos a Galicia, desta vez ao aeroporto de Lavacolla.



A grandes trazos, esta viaxe foi unha experiencia inesquecible. Nela puidemos aplicar moitos coñecementos, non só de materias como Grego, senón tamén doutras como por exemplo Historia da Arte. Fixemos grandes amizades coas que aínda mantemos contacto e pasámolo moi ben. Probamos novas comidas e mergullámonos na cultura mediterránea propia de Grecia, que nos deixou, sen dúbida ningunha, moi bo sabor de boca.